



## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### 2º ESO

#### Exercicios luns 23.

#### ACTIVIDADES: VERBOS REGULARES

#### VERBO ANDAR

Completa o cadro

	Presente	Copretérito <i>Pret. Imperf.</i>	Pretérito <i>Pret. Perf.</i>	Antepreter. <i>Pret. Plusc.</i>		Futuro	Pospretérito <i>Condicional</i>
Indicativo	And-	And-	And-	And-		And-	And-
Subxuntivo	And-		And-			And-	

**A) Imos traballar con verbos da 1º Conxugación, regulares. Fíxate nas seguintes oracións incompletas, e tenta empregar a forma verbal máis axeitada para que teñan sentido:**

- (DICTAR) Onte, mentres o profesor ..... uns exercicios eu estaba debuxando unha caricatura.
- (TENTAR) Marta, no exame de onte .....copiar, pero non puido porque a profesora estivo todo o tempo mirando para ela.
- (TOCAR) Se me ..... a lotería, mercaría unha casa de campo.
- (CANTAR) A miña nai quere que eu .....diante de todos os meus familiares o día da festa, pero eu non quero.
- (PINTAR) Mañá todos os alumnos e alumnas da miña clase.....un mural para conmemorar o día da paz.
- (ALMORZAR) Os meus veciños ..... todos os días dous ovos fritos con xamón.

7. (MARCHAR) Cando nós chegamos á reunión, dixéronnos que vós xa.....había máis de unha hora.
8. (CAMIÑAR) O médico sempre lle di á miña tía que .....todos os días durante unha hora, pero ela non lle fai caso.
9. (MANDAR) Se non fixeses barullo na clase, o director non te..... para a túa casa.
10. (ORDENAR) Por fin..... a túa habitación, xa era hora, que case non se podía nin entrar.

**B) Agora, imos variar algo as oracións anteriores. Tes que volver a completalas. Fíxate en que tes que empregar outros tempos verbais.**

1. (DICTAR) Sempre que o profesor ..... uns exercicios eu estou debuxando unha caricatura.
2. (TENTAR) Marta, no exame de onte ..... copiar, pero non podía porque a profesora estaba todo o tempo mirando para ela.
3. (TOCAR) Se me ..... a lotería, merco unha casa de campo.
4. (CANTAR) A miña nai quería que eu .....diante de todos os meus familiares o día da festa, pero eu non quero.
5. (PINTAR) Onte todos os alumnos e alumnas da miña clase..... un mural para conmemorar o día da paz.
6. (ALMORZAR) Os meus veciños..... todos os días dous ovos fritos con xamón, se o médico non llo prohibise.
7. (MARCHAR) Cando nós cheguemos á reunión, dirannos que vós xa..... haberá máis de unha hora.
8. (CAMIÑAR) O médico sempre lle dicía á miña tía que..... todos os días durante unha hora, pero ela non lle facía caso.
9. (MANDAR) Se non armas barullo en clase, o director non te..... para a túa casa.
10. (ORDENAR) Mañá..... a túa habitación, que xa é hora, que case non se pode nin entrar.

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

## 3º ESO

### Exercicios luns 23.

AVISO: Aínda que as mando todas xuntas, estas actividades son para o venres 20 e para o luns 23.

Os poemas indicados podedes enconralos facilmente escribindo o título e o autor/-a en google.

### Grandes temas na poesía do Rexurdimento.

Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal.

#### A muller (Rosalía de Castro)

##### *“A xustiza pola man”*

1. A que alude coas expresións “roubáronme tanta brancura que eu tiña”, “botáronme estrume nas galas dun día” e “a roupa decote puñéronma en tiras”
2. Por que di “Aqués que ten fama de honrados na vila”
3. A que clase social cres que pertencen os agresores? Que expresións che fan pensar iso?
4. Por que di “Quedei deshonrada”
5. Fíxate nos dous últimos versos. Cres que se fixo xustiza?

##### *“Xan”*

6. Que diferenza hai entre as ocupacións de Xan e as de Pepa? Como imaxinas a vida dunha muller e a dun home no campo hai algo máis dun século?
7. Que sentido teñen os últimos seis versos?

##### *“Que lle digo?”*

8. Quen dialoga no poema?
9. Un dos dous queda en América. Por que lle di ao outro “olvidarás que fuches meu testigo”?
10. Comenta os versos “Cando vello sea tornarei cos meus ósos para a aldea”
11. Quen é Rosa?
12. Como imaxinas que vive Antona?

##### *“Vivir para ver”*

13. Que lle promete o namorado a María?
14. Cumpre a súa promesa?

##### *“Daquelas que cantan as pombas e as flores”*

15. Que cres que simbolizan as pombas e as flores en poesía?
16. Por que di Rosalía que non as canta?
17. Que pregunta se fai ao final? Que significado ten esa pregunta?

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

## 4º ESO

Exercicios luns 23.

### A narrativa de posguerra

A recuperación da narrativa e do teatro tras o silencio da guerra e a posguerra, ao igual que a da poesía debeuse á **Xeración de 1936**. A súa reaparición foi máis lenta; a primeira novela galega da posguerra non se publicou ata 1951: *A xente da Barreira* de Carvalho Calero.

Hai nesta xeración tres narradores que destacan de forma especial: Cunqueiro, Blanco Amor e Fole. As tendencias da narrativa galega de posguerra son as seguintes:

- **Continuadores da prosa da Xeración Nós** (Otero Pedrayo, *Entre a vendima e a castañeira*; Carballo Calero, *A xente da Barreira*)
- **A crónica da guerra e o tempo inmediatamente posterior** (Silvio Santiago, *O silencio redimido*; Ramón Valenzuela, *Non agardarei por ninguén*)
- **A imaxinación como fuxida** (Cunqueiro)
- **A indagación no conto popular** (Fole)
- ❖ **O realismo social ou realismo crítico** (Blanco Amor)
- ❖ **A Nova Narrativa Galega.**

As dúas últimas correntes son máis innovadoras, rompen coa tradición anterior introducindo novas técnicas.

#### 1.1. ÁLVARO CUNQUEIRO (Vida e obra polo libro de texto)

#### Características xerais da obra de Cunqueiro:

- fusión do **mundo mítico** co **mundo cotián** nun continuo proceso de mitificación e desmitificación e humanización do mito. Sirva como exemplo: O intrépido Simbad abandonou a navegación e reside en Basora porque un veciño lle invadía os límites da súa horta ao plantar as leitugas.
- **parodia** irónica de **grandes obras da literatura universal**.
- fondo **substrato humano, antropolóxico e etnográfico**.
- **confusión** permanente de **realidade e fantasía**.
- uso dunha lingua culta e coidada, xunto con influencias da lingua oral.
- conciencia tráxica do paso do tempo.

Este Tristán do que conto nunca soupo por qué lle puxeran este nome no sacramento do bautismo, nin conocía a ninguén que se chamase como el.

Un tío de seu que traballaba como camareiro nun restaurante mui famoso de Lisboa, decíalle que en Portugal conocía a dous ou tres cabaleiros dese nome, e que todos eles eran ricos. Tristán foi cumprir o servizo militar a León, e alí, un día, nun quiosco, mercou por dous réas "La verdadera historia de los amantes Tristán e Isolda", cos namorados mui abrazados na portada do folletín. Ao fin iba saber quén fora aquel Tristán cuio nome levaba. Cando chegou ao final da historia, coa morte de delambos namorados, Tristán García verqueu unhas bágoas. E dende aquela deu en matinar que andando el polo mundo atopaba a unha muller chamada Isolda, e gostábanse, e facíanse noivos, e casábanse, e vivían mui felices en Viana do Bolo, de onde Tristán era natural. A todos os seus compañeiros do Reximento de Burgos 38, preguntáballes si por un casual habería no seu pobo unha rapaza que se chamase Isolda. Nona había. Había algunha Isolina solta, pro Isolina non era o mesmo que Isolda. Tristán doíase de non dar con esa Isolda, porque si nona atopaba agora en León, onde había tanta familia, nona iba atopar en Viana do Bolo, traballando na terra. Un día mandouno chamar un sarxento chamado Recuero.

– ¿Tí eres ése que andas coa teima de atopar unha muller que se chame Isolda?

– Si señor.

– Pois en Venta de Baños hai unha viuda dese nome.

– ¿Nova ou vella?

– ¡Qué sei eu! Coido que é churrera...

Tanto tiña metida no seu maxín o noso Tristán a novela famosa, que non puido dubidar de que aquela Isolda de Venta de Baños fose nova e fermosa. En todo caso, si era vella, tería unha filla ou unha sobriña que a seguise no nome, e si era churrera como ela podía seguir co negocio en Ourense ou en Viana, onde xa era hora que deran nos bares chocolate con churros. Tivo Tristán un permiso e cos vinte pesos que tiña aforrados tomou en León o tren pra Venta de Baños. Xa naquel empalme preguntou pola churrería da Isolda. Estaba a churrería perto da estación. E a señora Isolda era aquela que estaba envolvéndolle uns churros a un señor cura. Era unha velliña co cabelo branco, fermosos ollos negros, e pel tersa, as mans mui graciosas pondo os churros no papel de estraza e espaxando o azucre por derriba deles. Tristán dubidou entre falarlle ou non, pro xa levaba gastadas corenta e sete pesetas no billete de ida e volta.

– ¡Bós días! ¿Vostede é a señora Isolda?

– ¡Servidora!, respondeulle a velliña, sorríndolle.

– ¡É que eu son Tristán e viña a conocele!

A velliña pechou os ollos, e agarrouse ao amosador pra non caír. Bágoas rodaban polas suas meixelas.

– ¡Tristán! ¡Tristán querido!, puido decir ao fin. ¡Toda a miña mocidade agardando a conocer un mozo que se chamase Tristán! ¡E como non viña, caseime cun tal Ismael, que era de Madrid!

Tristán saludou militarmente, e despacio volveuse á estación a agardar o primeiro tren pra León. Cando éste chegou e Tristán subía ao vagón de terceira, apareceu a señora Isolda, con un paquete de churros. Doullo a Tristán e bicoulle a man. Non se non dixeron nada. Cousas así soio pasan nos grandes amores.

1. Busca información sobre a historia de “Tristán e Isolda” e resúmea.
2. Do relato anterior:
  - a. Tema
  - b. Argumento
  - c. Personaxes (clasifícaos e caracterizaos)
  - d. Narrador
  - e. Espazo
  - f. Tempo
  - g. Modos do discurso: narración, descrición e diálogo (indica en que estilo está este: directo, indirecto, indirecto-libre)
  - h. Indica que características propias de Cunqueiro aparecen no texto e xustifícaas con exemplos.